



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

Descrición Decreto: Aprobación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización por concurso oposición ATS/DUE a xornada completa, listaxe definitiva, nomeamento Tribunal e convocatorias Tribunal cualificador e aspirantes

DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria anualidade 2022, praza de ATS/DUE da Residencia e Centro de día municipal de Boimorto a xornada completa por concurso oposición, aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/12/2022 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 236 de data 15 de decembro de 2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Aproba-la seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

ATS/DUE XORNADA COMPLETA CONCURSO OPOSICIÓN	
APELIDOS E NOME	DNI
ADMITIDOS/AS	
GARCÍA LÓPEZ ENCARNACIÓN	XXX5944XX
EXCLUÍDOS/AS	
NINGÚN/HA	

SEGUNDO.- Elevar a definitiva a lista provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo ao non existir excluídos/as para a selección por concurso oposición praza de ATS/DUE a xornada completa da Residencia e Centro de día municipal de Boimorto.

TERCEIRO.- Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

-Presidente: Rodrigo Saa Carreira, Enfermeiro do Servizo Galego de Saúde.

Suplente presidente: Laura Lorenzo Lorenzo, Enfermeira do Servizo Galego de Saúde.

-Vogais:

Titular 1: Ana M^a Vallo Camba, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto.

Suplente 1: Cristina Tato Miguez, Orientadora laboral do Concello de Santiso.

Titular 2: M.^a Esther Vidal Pandelo, Traballadora social do Concello de Boimorto

Suplente 2: M.^a Ermitas Sánchez González, Traballadora social do Concello de Sobrado.

Titular 3: M.^a Teresa Gómez Cea, Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto,

Suplente 3: M.^a Montserrat Varela Vázquez, Traballadora social do Concello de Vilasantar.
- **Secretario:** Jorge Boado Fernández, Secretario interventor do Concello de Boimorto.
Suplente secretario: Iván Ponte Mahía, Secretario interventor do Concello de Toques.

Asesor especialista proba coñecemento do galego: Xaquín Vázquez Rodríguez, Normalizador lingüístico do Concello de Melide.

CUARTO.-Convocar aos membros do Tribunal cualificador e aspirantes á selección de estabilización por concurso oposición praza de ATS/DUE a xornada completa á realización da **fase de oposición para o mércores día 14 de febreiro de 2024 ás 9:30 horas** na Casa consistorial do Concello de Boimorto.

QUINTO.-Convocar aos membros do Tribunal cualificador e aspirantes á selección de estabilización por concurso oposición praza de ATS/DUE a xornada completa á realización da **proba de coñecemento de galego para o venres día 16 de febreiro de 2024 ás 10:30 horas** na Casa consistorial do Concello de Boimorto. Rematada a proba realizarase a súa avaliación e, no caso de non quedar excluído/a, de seguido a avaliación da fase de concurso.

SEXTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios.

SÉTIMO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente, recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Decreto a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ